

Chamada de expresión de interese-Programa Bridge 2026

O programa **Bridge**, da Alianza **Emerge**, convoca cinco prazas de prácticas de curta duración en **Irlanda** e **Eslovaquia**, que permiten aos estudantes adquirir experiencia colaborando con organizacións comunitarias.

Os lugares e datas das prácticas poden consultarse no seguinte enlace: <https://www.servicelearningumb.sk/bridge/internship-placements>. Ademais da mobilidade, prevése unha preparación previa (online) e unha reflexión posterior.

Poden concorrer a esta convocatoria os estudantes de grao de calquera titulación da **UDC** que posúan polo menos un nivel **B2 de inglés** e que **non foran beneficiarios** dunha axuda **Erasmus+ prácticas**.

Para solicitar as prácticas é necesario cubrir un **formulario online**, adxuntando copia do expediente académico e xustificación do nivel lingüístico.

Se hai máis persoas solicitantes que prazas dispoñibles, a adxudicación realizarase segundo os seguintes criterios:

- a) Nota media do expediente académico, calculada segundo o sistema vixente no momento de publicar esta convocatoria. As medias serán ponderadas cun coeficiente corrector de 1,17 para as titulacións técnicas.
- b) No caso de empate, asignaranse as prácticas a quen teña máis créditos aprobados da súa titulación.

As prácticas están financiadas co programa **Erasmus+**, e a contía variará segundo o destino e a duración das prácticas. Os alumnos seleccionados comprométese a solicitar a axuda Erasmus+ na convocatoria especial que se realizará ao efecto.

Os alumnos que realicen as prácticas satisfactoriamente poderán solicitar o recoñecemento de **3 ECTS**, nas condicións establecidas na normativa xeral da UDC.

Máis información: <https://www.servicelearningumb.sk/bridge/bridge-program>

Información de contacto: cgarcimartin@udc.es

Cronograma da convocatoria Bridge 2026

- **Ata o 25 marzo 2026** – Prazo de presentación de solicitudes
 - Completar o formulario online
 - Adxuntar expediente académico e xustificación de nivel B2
- **27 marzo 2026** – Adxudicación provisional / Preselección
 - Cada universidade selecciona ata 5 estudantes
- **12 abril 2026** – Adxudicación definitiva
- **Finales abril 2026** – Preparación administrativa
 - Xestión de documentación, financiación Erasmus+ e preparación da mobilidade